

Programa Docentia

(Aprobado polo Consello de Goberno do 17/7/2015)

(Autorización da ACSUG 27/01/2016)



Xustificación

- ✓ Requisitos normativos derivados do desenvolvemento do EEES
 - Criterios e directrices da Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA)
 - Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001 de 21 de decembro.
 - R.D. 1393/2007 modificado por RD 861/2010 polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais
 - R.D. 1312/2007, de 5 de outubro polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios



Obxectivos



- ✓ Dispoñer dun procedemento institucional de avaliación e mellora da calidade do ensino e do profesorado.
- ✓ Proporcionarlle ao profesorado probas contrastadas sobre a súa docencia para a mellora continua e o perfeccionamento das súas actuacións.
- ✓ Recoñecer e estimular a implicación do profesorado en tarefas vinculadas coa xestión, mellora, innovación e avaliación do ensino.
- ✓ Reunir información relevante e obxectiva sobre a actividade docente do profesorado e a súa avaliación para apoiar os procesos de planificación e xestión de recursos, promoción, formación e asignación de responsabilidades docentes.
- ✓ Mellorar a información á sociedade e outros grupos de interese sobre as características do labor docente en centros e titulacións.



Finalidades

- ✓ Utilización dos datos para os procesos de seguimento e acreditación dos títulos.
- ✓ Axudar o profesorado na reflexión e mellora continua da súa actividade docente e introdución de melloras da súa actividade docente.
- ✓ Facilitar datos para os procesos de acreditación do profesorado, complementos autonómicos e concesión de axudas.
- ✓ Recoñecemento pola Comisión de Calidade e o Reitor do profesorado excelente.
- ✓ Incorporar os resultados ao contrato programa de financiamento de centros.
- ✓ Elaborar plans de formación e perfeccionamento institucional.
- ✓ Incrementar a transparencia e a información pública, explicitando o compromiso coa calidade e mellora continua



Modelo

✓ Considera 3 dimensións:

- Planificación da docencia (30 puntos)
- Desenvolvemento da docencia (30 puntos)
- Resultados (40 puntos)



✓ Cada dimensión está formada por un conxunto de subdimensións (6 subdimensións – 2 por cada dimensión)

✓ Cada subdimensión está formada por elementos (13 elementos en total)

✓ Cada elemento está formado por ítems (67 ítems en total)

- 25 centros
- 10 profesorado
- 10 alumnado
- 20 unidades centrais (Áreas, Vicerreitorías, ...)
- 2 departamentos (1 compartido coa fonte Centro)



Obxecto

✓ Convocatoria anual **1**

Valoración da actividade docente realizada do último curso académico en función de:

- Datos recollidos de diferentes fontes de información (profesorado, centros, departamentos, unidades centrais, alumnado e vicerreitorías)

✓ Convocatoria quinquenal **5**

Valoración da actividade docente realizada dos 5 últimos cursos académicos mediante a análise de:

- Informes institucionais anuais
- [Autoinforme do profesor/a](#)
- [Dossier \(guía docente + material docente dunha materia\)](#)
- [Informe dos responsables académicos](#) (decanatos/direccións de centro e departamento)



Alcance

✓ Convocatoria anual **1**

Obrigatorio

Profesorado de **centros propios**:

Con vinculación permanente

Con vinculación non permanente a tempo completo

✓ Convocatoria quinquenal **5**

Voluntario

Profesorado de **centros propios**:

-Con vinculación permanente

-Con vinculación non permanente

a tempo completo

Que acredite:

Impartición de **150 horas no conxunto dos 5 anos** e polo menos un mínimo de

30 horas en 3 anos do período avaliado

Para esta convocatoria quinquenal, terá preferencia, por esta orde, o

profesorado que nunca pasase por avaliación, o que obtivese un resultado

negativo e o que teña xa un tramo concedido.



Procedemento

✓ Convocatoria anual **1**

- Comunicación do cronograma e solicitude de información.
- Recollida da información e valoración.
- Realización do informe.
- Publicación dos resultados provisionais.
- Reclamación aos resultados provisionais.
- Publicación dos resultados de avaliación docente definitivos.



Procedemento

- ✓ Convocatoria quinquenal **5**
 - Convocatoria e solicitudes de avaliación quinquenal
 - Recollida de información
 - Informes institucionais anuais dos últimos 5 cursos académicos.
 - Autoinforme do profesorado
 - Dossier de material docente (guía e material docente)
 - Informe dos responsables académicos
 - Valoración da información por parte das CADs ([Comisión de Avaliación Docente](#)) e realización do informe provisional.
 - 60% informes institucionais
 - 20% autoinforme do profesorado
 - 20% dossier de material docente
 - Publicación dos resultados provisionais.
 - Reclamación aos resultados provisionais.
 - Publicación dos resultados de avaliación docente definitivos



Informe de Resultados Individuais

✓ Convocatoria anual **1**

Os resultados globais e de cada unha das dimensións, terán unha valoración cuantitativa e cualitativa.

- **Moi favorable:** Puntuación igual ou superior ao 80% da puntuación total.
- **Favorable:** Puntuación igual ou superior ao 65% da puntuación total.
- **Suficiente:** Puntuación igual ou superior ao 50% da puntuación total.
- **Desfavorable:** Puntuación inferior ao 50% da puntuación total.

A valoración global, se algunha das dimensións ten unha valoración “Desfavorable” será “Desfavorable”.

O informe institucional coa valoración conterà polo menos as cualificacións máxima, nominal e mínimas comparativas por Área, Departamento e Universidade.

✓ Convocatoria quinquenal **5**

O informe final de avaliación será o resultado da media das valoracións cuantitativas fixadas por cada un dos membros da CAD.

Será **cuantitativa e cualitativa** de acordo cos tramos establecidos.

O informe **poderá incluír recomendacións** ao profesorado para mellorar a súa actividade docente.



Solicitud a aos centros

✓ Convocatoria anual **1**

Determinar a participación do profesorado do centro en:

- Tribunais de TFG e TFM
- Dirección de TFG e TFM
- Actividades de titorización e apoio ao alumnado
- Actividades relacionadas coa docencia organizadas polo Centro (actividades vinculadas a competencias transversais, conferencias, seminarios, ciclos, xornadas...)
- Actividades de reforzo curricular (cursos cero, cursos de nivelación, ...)
- Actividades para a promoción de estudos de grao, mestrado e doutoramento (actividades institucionais de difusión da oferta académica, xornadas de portas abertas en centros, participación en feiras)
- Comisións onde se aborden temas vinculados coa docencia recoñecidas polo centro
- Comisión de Calidade
- Comisións de Elaboración ou de modificación de plans de estudo (Comisión académica e Xunta de titulación)
- Participación en procesos de certificación do SGIC e acreditación de títulos
- Participación en actividades de mellora da calidade



Solicitud aos centros

✓ Convocatoria anual **1**

Determinar o cumprimento do profesorado do centro no referido a:

- Adecuación aos prazos de elaboración da guía docente
- Calidade e detalle na elaboración da guía docente
- Asistencia a clases, titorías, seminarios
- Cumprimento de horarios de clases, titorías, seminarios
- Cumprimento do establecido na guía docente (contidos, metodoloxía, criterios de avaliación, ...)
- Cumprimento da realización das probas de avaliación oficiais
- Cumprimento da publicación e revisión de cualificacións
- Cumprimento en prazo do cerre de actas
- Coordinación



Área de Calidade

WEB

http://calidade.uvigo.es/calidade_gl/

